

PRESENTÁMONOS (o meu nome e a miña orixe)

Ex.: Ola, chámome e eu son galega. E ti?



IMOS VER QUEN TEN MÁIS MEMORIA!

Ímonos presentar de novo e presentar os demais.

Imos ver cantos nomes sabemos!

Ex.: Ola, chámome e son galega. Ti chámaste e es e el é e é

Eu son	Eu chámome
Ti es	Ti chámaste
El é / Ela é	El chámase / Ela chámase
Nós somos	Nós chamámonos
Vós sodes	Vós chamádesvos
Eles son / Elas son	Eles chámanse / Elas chámanse

ESTUDAS OU TRABALLAS? (pregunta para a persoa que está ao teu lado)

Ex.: Estudo un curso na Universidade e mais coido unha nena.

Ex.: Pois eu son camareiro e traballo nun restaurante.

O QUE MÁIS ME GUSTA FACER...

Ex.: A min gústame escoitar música. E a ti?

Ex.: A min gústame o fútbol. E a ti?

Ex.: A min o que máis me gusta é quedar cos meus amigos. E a vós?



O QUE MENOS ME GUSTA FACER...

Ex.: A min non me gusta pasear cando chove. E a vós?

Ex.: A min o que menos me gusta é cociñar. E a ti?

ESTAMOS DE LERIA (dialogamos en parella)

SAUDAR	RESPONDER AO SAÚDO	DESPEDIRSE
Ola! Bo día! Boa tarde! Boa noite! Boas! Que tal? Como estás?	Ola! Bo día! Boa tarde! Boa noite! Moi ben Ben, grazas. E ti? Regular Mal	Adeus! Deica logo! Ata logo! Ata loguiño! Ata despois! Abur!
Xestos: dar a man / dar un bico / dar dous bicos No voso país, é diferente?		



Saúda o teu compañeiro, dille o teu nome e pregúntalle o seu.

NA RÚA	SOMOS AMABLES	QUE TAL CO GALEGO?
Pódeme axudar? Quería ir a... Como se vai a...? Onde está...? Por favor, para ir a...? Á dereita Á esquerda Todo dereito Perdémonos; como se vai a... Síntoo, pero non son de aquí Socorro!	Moitas grazas Graciñas / Grazas Moi amable Por favor Perdoe / Perdoa Desculpe / Desculpa Síntoo moito	Non entendo. Pódemo repetir, por favor? Pode falar máis amodo? Non falo ben o galego, falo un pouco nada máis. Xa entendo É que non son de aquí



Estás na rúa. Pide axuda para chegar a un sitio da cidade de Lugo.